

**4ª PROPOSTA**

**MOI IMPORTANTE!!!**

**LEDE CON MOITA ATENCIÓN TODO O DE VERMELLO**

- **LEMBRADE AS TRES MANEIRAS DE POÑERVOS EN CONTACTO COMIGO:**
  - **POLO ABALAR**
  - **POR TELÉFONO: 986 50 33 77**
  - **POR CORREO ELECTRÓNICO: [mbarrostaboada@protexdat.com](mailto:mbarrostaboada@protexdat.com)**
- **TEDES QUE MANDARME TODO O QUE VOS PIDA A ESTE CORREO.**
- **HAI MOIT@S ALUMN@S QUE AÍNDA NON ME ENVIARON AS 2 PÁXINAS, QUE PEDÍN A SEMANA PASADA, COS TEXTOS QUE FOSTES ESCRIBINDO.**
- **ÍDEME MANDANDO SÓ O QUE VOS VAIA PEDINDO CADA VEZ. Dádevos conta de que teño máis de 100 alumn@s, e se cadaquén me manda o que se lle ocorra...**
- **Xa avisei polo Abalar: NON é obrigatorio que fagades un parágrafo cada día, CHEGA QUE ESCRIBADES DOUS OU TRES PARÁGRAFOS CADA SEMANA.**  
Se alguén quere facer máis, pode.
- **TEDES QUE MANDARME CADA SEMANA 1 PÁXINA (unha cara dunha folla) COS TEXTOS QUE FOSTES ESCRIBINDO.**  
Se alguén escribiu moito e quere mandar 2 páxinas, pode.
- **ACENTUACIÓN 1º ESO (III) → Facede o que vos explico despois, en Acentuación.**
- **Logo facede (moi amodiño, fixándovos moito e consultando sempre a teoría) todos os exercicios de ACENTUACIÓN 1º ESO (IV).**
  - **Cando os teñades feitos repasádeos moi amodiño, fixándovos moito e consultando a teoría sempre que teñades calquera dúbida.**
- **E Ó REMATAR MANDÁDEME A FOLLA ACENTUACIÓN 1º ESO (IV).**
- **E ADEMAIS TEDES QUE ENVIARME A FOLLA SUBSTANTIVOS: NÚMERO.**
- **E TAMÉN ME TEDES QUE MANDAR OS EXERCICIOS DA PÁXINA 10 DO LIBRO DE TEXTO: Comentario da lectura "O negocio da seda".**

**MÁIS IMPORTANTE AÍNDA!!!**

- **NON É OBRIGATORIO QUE O MANDEDES TODO XUNTO, E NIN SEQUERA O MESMO DÍA. ÍDEO ENVIANDO CANDO POIDADES.**
- **SE NON SODES CAPACES DE ENVIAR ALGO NON VOS PREOCUPEDES NIN TOLEEDES A FAMILIA, GARDÁDEO E XA MO DAREDES CANDO NOS VEXAMOS.**

## Lectura

- Seguíde lendo todo o que poidades.

## Expresión escrita

- Xa vos dixen que chega que escribades dous ou tres parágrafos cada semana. E xa dixen tamén que se alguén quere facer máis que pode.

## Acentuación

### • ACENTUACIÓN 1º ESO (III)

- Se non fixestes aínda algúns(s) exercicio(s), facédeo(s) antes de mirar as solucións.
- Cando os teñades todos feitos repasádeos moi amodiño e mais con moita atención, e mirando a teoría sempre que teñades calquera dúbida.
- E logo corrixídeos mirando polas solucións. Ide palabra por palabra, e facédeo con moita calma e mais fixándovos moito. E sempre que falte ou sobre un acento, consultade a teoría.

## ACENTUACIÓN 1º ESO (III)

### **Acentúa estes textos. Os acentos diacríticos xa están postos**

**11** → O último en paraugas! Se alguén cría que chegar a algo así non era posible... Agora, polas mañás, antes de saírmos da casa haberá que preguntarlle se temos que levalo ou non.

Unha empresa estadounidense que fabrica obxectos da vida cotiá que empregan información de Internet, inventou un paraugas que protexe da chuva e... ¡di cando vai chover! No mango leva un receptor de radio que recibe os datos do tempo de 150 lugares dos Estados Unidos a través dunha conexión sen fíos a unha coñecida páxina web de pronósticos meteorolóxicos, *AccuWeather.com*.

Aquí en Galicia vai ser un éxito! E eu, como sei algo de informática, podería facerme paraugueiro...

**12** → Segundo os científicos, as formigas apareceron na Terra hai uns 100 millóns de anos. E as últimas informacións indican que na actualidade podería haber ao redor de 9500 especies diferentes, e que a súa poboación total esta próxima aos dez mil billóns.

Dado que o peso dunha formiga obreira varía entre 1 e 5 miligramos, cunha fácil operación matemática descubrimos que as formigas pesan practicamente o mesmo cós seres humanos que vivimos no planeta.

Pero en moitas rexións supérannos amplamente. E non só a nós, senón tamén ao resto das especies animais. Nas selvas húmidas brasileiras do Amazonas, por exemplo, o peso das formigas é catro veces máis grande có de todos os mamíferos, aves, anfibios e réptiles xuntos.

E iso que parecían tan pouquiña cousa! Está visto que non se pode fiar un de ninguén...

**13** → Seguramente o saberás xa: Holanda coñécese como o país dos tulipáns, pois hai moitísimos. Pero o que quizais non saibas é que houbo unha época na que se pagaron cantidades altísimas por esas flores tan fermosas. Daquela eran novas alí, e todos as querían ter nos seus xardíns.

É certo que os tulipáns medran a partir de bulbos subterráneos; pero non é fácil conseguilos, porque tardan algúns anos en florecer dende que se sementan. Entón moitos holandeses venderon todas as súas posesións, ata os animais, para poder mercalos. E houbo alguén que ata empeñou a casa! Non obstante, de súpeto, pensaron no inútil que resultaba gastar tanto nunhas plantas; e moitas persoas quedaron na ruína porque ninguén quería tirar os cartos de maneira tan ridícula.

**14** → Eu só lle preguntei pola miña irmá África e mais polos compañeiros. Pero el, de súpeto, empezou a berrar coma un tolo:

–Cala, rapaz! Aquí as preguntas fágoas eu. Que espiabas aí fóra, na área de seguridade? Sabías que non podías entrar nesa zona, e a túa irmá e mais os vosos amigos tamen. Vós sodes os únicos culpables desta situación. Se non fose porque vos metestes onde ninguén vos chamou eu agora estaría dedicándome ás miñas ocupacións, que abofé que son bastante máis importantes cás vosas rapazadas. E ademais non perdería o tempo, que teño máis que facer. Así que déixate de lerias e contesta rapidamente, ¿ou terei que romperche un óso para que digas a verdade?

**15** → Dous inventores alemáns crearon un bolígrafo que vai acadar un enorme éxito aquí, entre nós. Ten dúas funcións principais: o modo ortografía (que recoñece as faltas ortográficas) e o modo caligrafía (que sinala a letra pésima ou difícil de ler). Cando descobre algún fallo emite vibracións, para que a persoa que está escribindo faga as correccións oportunas.

Na páxina do proxecto explican, polo miúdo, que é o primeiro bolígrafo intelixente, pois están incorporados o soporte lóxico (software) e toda a tecnoloxía.

O único inconveniente é que, por agora, só corrixe inglés e alemán. Oxalá nolo envíen axiña en galego...